



BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Fora, > 50 >

Coste d'un número 10 >

América 2 pts. trimestre

Número 19

Redacción

e administración:

CANTÓN GRANDE, 16

BAIXO

A CRUÑA

20 DE MAYO

SANTIAGO-CRUÑA-MONFORTE-PONTEVEDRA

## As Irmandás da Fala, cada vez mais fortes

### NOVA XORNADA TRUNFAL

INDA resoante o éisito de Carral, a Irmandá da Fala da Cruña conquireu pra si e pr'as mais Irmandás un novo trunfo.

Foi na vella e groriosa Compostela, na capital universitaria da rexión, ali onde tiveron nacemento moitos xeitos de loita, que amostra a Hestoria, pol-o rexurdimento da Terra.

Axudaron ós irmáns da Cruña os de Santiago, ben merecentes de gabanza, eisí com'os de Monforte e Pontevedra. Levou a representación de Pontevedra, Castela o gran caricaturista, orgulo da raza, rapaz xenial, dono d'unha fonda cultura e d'un forte corazón, espírito seleuto, todo simpatía. Levou a de Monforte, Banet Fontenla, iste home de reuta concencia, mestre no enxebrismo, de elocuente verbe que moito sabe de moitas cousas.

Da Cruña fono os seguintes irmáns dinos de sere nomeados, pol-o seu xeito exemplar: Francisco Abelaira, Enrique Serrano, Xerardo Faraldo, Antón Valcárcel, Alfredo Somoza, Luis Somoza, Luis Pena Novo, Ricardo Carballal, Eladio Rodríguez González, Xorxe Parga, Antón Vilar Ponte, Ramón Vilar Ponte, Miguel Freire, Xosé Paredes, Augusto Pérez, Vicente Maceiras, Arturo Gómez, Francisco Tettamancy, Lean-

dro Carré, Xosé Pita, Armindo Mariñas, Ramón Couceiro, Euxenio Carré Aldao e Manuel Lugo Freire.

O viaxe fíxose en automóvil. Agardaban en Santiago ós cruñeses moitos estudantes e obreiros, eisí coma o consello da Irmandá d'aquel pobo. Antre os estudantes facíanse notare pol-o seu xeneroso entusiasmo os catalás, fato de rapaces que siguen os seus estudos na Universidad galega.

Os cruñeses na compañía dos amigos composteláns dirixíronse á irexa de Santo Domingo c'o ouxeto de deixar feixiños de froles nas tumbas da Rosalía e Brañas. Logo espalláronse pol-a cidade repartindo follas imprentadas até a hora do mitin ou assembleia.

#### O mitin.

Escomenzou ás seis da tarde. Celebrouse no amplo salón da Sociedade Económica, galantemente empréstado pol-a xunta directiva. Os concurrentes eran moitísimos.

Presideu o Sr. Cabeza, Conselleiro 1.º da Irmandá santiaguesa, c'os señores Xil Casares (D. M.), Blanco Cabeza, Salgado, Taibo, Ortiz Novo, Culebras, Porteiro, Vilar Ponte, Lugo, Valcárcel, Banet Fontenla e Castela.

Aberta a sesión, o ispirado poeta Victo-

riano Taibo, dou lectura as adhesións recibidas. Antre outras, lembramos unha mui garimosa da Irmandá de Vigo, que foi apraudidísima e outra de Ramón Cabanillas, o xenial vate, acollida co'unha forte ovación.

Logo o Sr. Cabeza León pronunciou un discurso de saúdo, verdadeiramente formoso, dino do seu xusto rénome.

Falaron dimpois os Sres. Vilar Ponte (A), Leandro Pita, un rapaz estudante, nado en Ortigueira, que é unha lexítima esperanza, pois val moito, Manuel Banet Fontenla, Luis Pena Novo—que conquireu ali o título d'un dos primeiros oradores galegos—D. Manuel Lugo Freire, mestre e veterán nas loitas rexionales, Rodríguez Culebra, profesor da Escola de Veterinaria, home cheo de cultura, e Luis Porteiro o elocuentísimo abogado de total-as nobres causas.

Todos falaron do que lle convén a Galicia; todos dixeron cousas intresantes, xa que todos saben decilas e teñen autoridá pra decilas.

Defíneuse por complotado o idearium das Irmandás da Fala, cuio desenrolo na práctica e a úneca salvación de Galicia. Tratouse do probrema das nazionalidades, estudáronse os aspectos económicos e políticos do rexionalismo integral.

Non facemos unha reseña de cada discurso porque nos roubaría espazo, sin que conseguíramos dar idea d'eles. Ademais os xornás da rexión dixerón canto nos puidéramos dicire.

Abonde c'ó dito. Soyo lembraremos que Porteiro pidiu ás Irmandás e a todol-os santiagueses e bós galegos, querentes da xusticia, que ergan a sua voz pra impedire que o caciquismo consume seu bárbaro desexo de venganza c'as pobres vítimas de Nebra. (Nos pol-a nosa parte, prometémol-le ô Sr. Porteiro traballar canto sexa posibre pra impedir aquela atrocidade. Poñéremol-o noso berro xusto e baril no ceu).

Ficou o auto, cantando o Hino galego os irmáns da Cruña e Santiago.

#### Unha cea.

Dinantes de voltar pr'á Cruña os irmáns d'iste pobo, houbo unha cea no Hotel da Perla.

O derredor da táboa, xuntáronse con noso os estudantes catalás e algús galegos. Recitáronse poesías de Curros, de Pondal, de Taibo, de Cabanillas, de Lugo, de Rodríguez González, de Maragall, Verdaguer e Guimerá.

Cantouse o «Guernikako arbola»; cantouse «Els Segadors» e o Hino galego.

E logo, xa, cando iba saire o automóvil que nos tragúa á Cruña, houbo fortes vivas a Galicia e a Cataluña redimidas.

Unha formosa e consoladora xornada patriótica.

Pol-o que n'ela nos axudaron, son merecentes de gratitude os dinos señores do Consello da Irmandá compostelán, o valente e admirabile *leader* das reivindicacións obreiras Sr. Pasín, cuia mán honrada estreitamos con agarimo, Luis Porteiro, o caudillo da xente moza, sabio e elocuente, Leandro Pita, Ortiz Novo, Culebras, e sóbor de todo aqueles estudantes catalás, exemplo de mozos cidadáns e patriotas.

De Victoriano Taibo, nada dicimos: o inspirado poeta, o galego cheo de fe, o rapaz todo simpatía fixo por nos mais do que podería facer. E sigueunos c'ó seu entusiasmo até a Cruña, honrando a nosa casa, pra conecérenos de preto.

¡Viva Santiago galego! ¡Santiago e cerra Galicial

Agora témol-o proyeito d'iremos mais adiante a Pontevedra e Vigo, pra facer logo xa unha gran Asambleia rexional e un mitin na Cruña, onde cada orador desenrolará un tema concreto.

Todo por redimire á nosa terra.

**Pra matal-o provincialismo esaxerado, n'hai millor cousa, que satisfaguer as xustas esixencias provinciales.**

EMILIO CASTELAR.

## FALAMOS CHEOS D'ORGULO

# O PRIMEIRO ANO DA IRMANDADE

A DATA do derradeiro 18 é pra nos dina de lembranza. Fai un ano que constitúfese a primeira Irmandade da Fala: a da Cruña. ¡Un ano samente! Y-o ano non ficou estéril pra nos. Foi un ano d'esperencia, de tanteo: un ano d'educación da vountade pra a loita; un ano de sementeira d'ideás dos que estaba orfa e valeira a patria galega.

N'ise ano asiñalamos un camiño redentor á xuventude. N'ise ano amostramos craramente que a fe, move montañas, mais sempre que camiñe na xuntanza da vountade e da tenacidade.

Fixemos moito ou pouco; nos coidamos que moito. Pro para chegar a isto ¡canto traballo! ¡cantas desilusións! ¡cantas bulras tivemos que afrontar!

O trunfo d'os ideás soyo eisi se conquire: axuntándonos en irmandade estreita todal-as noites do ano, agás os domingos. Sacando cartos do peto. Imponéndonos sacrificios e molestias.

E ¡qué institución galega de ningunha clás tivo endexamais ista costancia? Xente moza, xente traballadora, chea d'ocupación que non vacilou en roubar anacos de tempo ás suas fatigas cotidiás pra consagrarlos ô ideal, isa xente asesorada por algús vellos e homes na maturidade, mestres d'enxebriemento, foi a que loitou e seguirá loitando sin trégolas. Un fato de rapaces cuáseque todos iles anónimos que non ollan no nacente movimento nazonalista un porvir *práctico*, nin siquera a sona do nome; un fato de románticos cada día mais conscentes, que, sintindo o instante hestórico, desexan a redención da patria galega, queimando, novos Cortéses, as naves do *arribismo*—que isto sinifica, antre outras cousas, falar galego—reperentadas pol-o idioma castelán úneco que chechega os oídos da Porta do Sol.

¿Cando se veu apostolado somellante en Galicia? ¿Cando se viron tanta fe, costancia e altruismo, axuntados? ¿Onde unha escola de cidadanía e moralidade mais outa?

Frente á indifrencia xeneral «Os Amigos da Fala» veñen facendo unha afirmación baril na que os desenganos non producen o desalento nin os trunfos o sono estéril da satisfacción.

Por nos vése craramente que xa soyo son posibres dous partidos vivos ou agrupacións en Galicia: o rexionalista integral (nazonalismo) axeitado á nosa natureza, e o partido obreiro: partido social, afincado na loita de clases.

Os mais, como cousa morta van, ven o vedes, camiño de fosilizárense, fallos de alma, de sangue.

Nos, témola savia da verdá, a forza da razón, o imperativo categórico, nado no lóxico e no biolóxico, que leva, cando conquire a vountade da xuventú, ôs pobos ô cumprimento do seus destinos.

Ficou un ano escaso de sementeira: as froles do ideal arrecenden, abaneándose trunfales: o novo ano será xa o dos primeiros froitos. Tamén o dos maiores sacrificios. Continuámol-a Hestoria de Galicia. O noso movimento será hestórico, porque gracias a él nosos fillos terán unha patria. ¡Adiante, pois, os bos e xenerosos, de que falou o bardo!

\* \* \*

Esquirbamos agora unhas poucas liñas a maneira d'inventario dos traballos feitos no ano que leva de vida a Irmandade cruñesa.

Inagurámol-a nosa autuación pública c'unha xira ô pinal d'Elviña. A ela asistiu Ramón Cabanillas, o gran poeta da raza, o vate do noso movimento. Alí, tendo por tribuna unha pena, léronse adesiós de moitos pobos de Galicia, algús dos cales, deloroso é dicilo, soyo tiveron arrotada de poltro xerezano e acougô de mula manchega. Soyo sintiron o lóstrego do primeiro entusiasmo. Eran rexionalistas de *folk-loore*, rexionalistas líricos, incapaces de iren mais aló da múseca e dos versos. Alí baixo os pinos tronou o verbe do enxebre Lugo. Alí resouu a gaita na compañía do tamboril.

Logo, outra xira a Pontedeume, onde se nos recibiu con gaita, foguetes, vivas e co'a bandeira galega.

Mais tarde, outra a Cambre, preto do río á que asistiron mulleres, léndose á soma dos carballos versos galegos dos mestres, como se léran xa tamén en Elviña e en Pontedeume.

Escomenzaron de seguida leiciós do noso idioma na Academia Galega a cárrego dos irmáns Lugo e Vaamonde (D. Florencio) todol-os martes e sábados por espazo de catro meses.

Fixéronse tamén conferencias semanás. Istan conferencias foron pol-o orden siguiente: unha de Anton Vilar Ponte, outra de Lugo Freire, duas de Tettamancy, outra de Manoel María González, outra de Vaamonde (F.) outra de Anton Valcárcel, outra de Pena Novo, e a derradeira de Banet Fontenla. Pro coma prólogo de todas elas, organizáramos dinantes unha no *Circo de Artesanos* que estivera a cárrego do insine Rodrigo Sanz.

Houbo tamén sesións de leutura de versos de Eladio Rodríguez González, de Antón Valcárcel e de Xosé Irexas Roura.

Fixéronse tres homenaxes solenes: a Parado de Cela, na data do seu aforcamento, a Curros no aniversario da súa morte e a Pondal ô finárese.

Déronse tres mitins: en Lugo, Ferrol e Santiago.

Agasallouse c'un xantar galeguista ô representante do «Centro Gallego» da Habana, Xosé Fontenla, que veu acompañando â Cruña o cadabre de Chané. N'iste xantar, falou definindo a táctica das Irmandás, Luís Porteiro.

Celebramos un homenaxe ôs mártires de Carral, poñendo os cimentos d'un sindicato agrario.

Fundouse e púxose en bóo camiño o boletín orgo dos Amigos da Fala A NOSA TERRA que xa pódese dicire ten asegurada súa vida.

Traballouse por téremos un local propio, inda que pol-o d'agora non se puido chegar a él.

Estimulouse o desenrolo do teatro rexional.

A mais d'isto, a nosa autuación foi constante en canto era percisa. Porpagámolo Hino Galego, sostemos estreitas relacións co'a Lliga Rexionalista de Cataluña, intertroque d'impresións co'as Irmandades de Monforte, Santiago, Ferrol, Ourense e Vigo; colaboramos como naide no enterro de Pondal e de maneira comenente no de Chané.

Fixemos xestiós pra que un irman noso mui querido, empregado púbrico que trasladaron os caciques denda a Cruña a Lérida, voltase ô seu destino, sin conseguilo noso desexo.

Temos encomenzado unha suscripción pra unha bandeira galega, antr-as donas amigas ou parentas dos irmans da Fala, e outra pra erguer un mausoleo en Carral ôs mártires que repousan n'aquel cimiterio.

Nomeamos mestres da Fala a D. Manoel Lugiés e a D. Eladio R. González.

Isto, por dicilo eisi, é o traballo de releve, que supón a esqurtura de moitas cartas, artigos, gacetillas e telegramas.

Non falamos d'outros autos de porpaganda, como a feitura de follas pra espalláremos nos pobos a onde fumos, nin dos discursos pornunciados por Vilar Ponte (A.) na festa do *Circo de Artesanos* lembrativa do descubrimento das Américas, n'algús xantares e n'un mitin do Ferrol pol-o ferrocarril da Costa; nin da conferencia de Anton Valcárcel sóbor da vida dos Aumentamentos rurás, no «Circo Católico d'Obreiros» de Santiago, nin dos discursos formosos de Lugiés e Pena Novo no cimiterio da Cruña, cando o enterro de Pondal e o aniversario da morte de Curros. Noi falamos tampouco dos proxectos que temos en estudo no senso da organización pra intensificare a porpaganda.

¿Non vedes canta enerxía, canta fe, canta forza de vountade supon toda ista autuación que tivo por marxen menos ainda que un ano?

¿Hai exempro de algo somellante? ¡Ai si os galegos de cartos nos emprestaran súa axudal

Pois soyo nos resta decire que lle debemos gratitude pol-o apoio que nos emprestou â Academia Gallega, e n'especial á don Manoel Murguía, D. Euxenio Carré e don César Vaamonde. O derradeiro, sóbor de todo, tivo con nos atencións grandes, que lembramos con moito agarimo.



OS NOSOS MESTRES

Unha conferencia de Banet Fontenla

O DÍA 12 dou unha conferencia na Academia Gallega, organizada pol-os «Amigos da Fala», o primer Conselleiro da Irmandade en Monforte, doctor D. Manuel Banet Fontenla.

Couxeto d'ouir súa prestixiosa palabra foron moitos os irmás que s'axuntaron. Antre eles algunhas donas.

Presentou ô conferenciante, en sinxelas verbas, D. Antón Vilar Ponte.


Seguidamente, escomezou a disertación o Sr. Banet Fontenla. Non temos por que gabar unha vez mais a súa elocuencia serea, cristalíña e repousada.

Soyo diremos que fixo unha conferencia chea de cultura, de patriotismo e de bo senso, que foi apraudidísima.

Traou do rexionalismo, desenrolando o tema con gran xusteza e sabencia. Amostrou como o verbe nazionalismo que a moitos asusta, no fondo é o mesmo que rexionalismo. Asifalou as difrencias que eisen entre nazón e Estado.

Dixo algo dos probremas galegos de maior intrés, tendo unha lembranza pr'as Asambleas de Monforte. Falou da falla de mainzo. E concruiu c'un período brillante sóbor da Hestoria de Galicia.

Cantos o escoitaron, tiveron que estreitar a man do orador con agarimo. Verdadeiramente o Sr. Banet Fontenla é un dos nosos grandes prestixios: un galego dino de todas as loubas, capaz de faguer sacrificios pol-a santa causa que defendemos.



O GALEGUISMO XURDE

A Irmandá de Vigo

RECIBIMOS fai poucas datas un telegrama de Vigo no que se nos anunciaba a boa nova da constitución da Irmandá n'aquela culta e progresiva cidade.

Logo mandóusenos unha carta na que

se confirmaba o dito pol-o aramio telegráfico.

E xa, con motivo do mitín noso en Compostela, recibimos un telegrama d'adesión dos novos irmás vigueses aceso de patriotismo.

E primeiro Conselleiro d'aquela Irmandá Xermán L. Roca, un rapaz dono d'unha forte vountade e de gran talento, de quen agardamos moito. Con él compretan o Consello outros bos galegos que áchanse dispostos a loitar pol-a causa.

Como se ve, imos por reuto camiño. Pasiñamente a nosa semente prende na terra. Erguense Irmandades nos principás pobos galegos. A xente moza vaise cobixando â soma da nosa bandeira, e o ideal outo e santo alumea xa moitas concencias.

Temos de seguire alongando a rede das organizacións galeguistas. Coidamos que no ano próisimo haxa en cuáseque todolos pobos e vilas da Terra Irmandás pequenas ou grandes. E con isto e a organización de sindicatos labregos d'orde económico, que sexan defensas contra o caciquismo, xa teremol-o andamiaxe da nova Galicia que arelamos.

Os novos irmás de Vigo, pol o encadramento xeográfico d'aquela cidade, pol-as súas vías de comunicación, poden facer moito, poden traballar con éisito levando a porpaganda galeguista a moitas vilas d'importancia.

Saudamos ôs novos loitadores con fondo afeuto, c'o peito ateigado de ledicia e de fe. ¡Vigueses, adiante!



SUSCRICION

pra erguer un mausoleo no cimiterio de San Esteban de Paleo, en Carral, sinxelo, pro dino, ôs héroes do alzamento galego de 1846.

Sres. D.:	Pesetas
Antonio Villar Ponte . . . . .	5
Luis Somoza . . . . .	1
Carlos Carré . . . . .	0'50
Armando Mariñas . . . . .	1
César Otero . . . . .	3
Juan Perina . . . . .	1
Pedro Menlle . . . . .	1
Manuel R. Moret . . . . .	1
Vicente Naveira . . . . .	1
José Dopico . . . . .	1
Enrique Menlle . . . . .	1
Luis Peña Novo . . . . .	2
Manuel Insua Santos . . . . .	5
Fernando Blanco . . . . .	1
Luciano Noguerol . . . . .	1
José Zíncke y Zás . . . . .	5
Gerardo Faraldo . . . . .	1
Leandro Carré . . . . .	1
Luis Carré . . . . .	0'50
José Paredes . . . . .	1
Antonio Martínez . . . . .	1
Ramón Villar Ponte . . . . .	1
Miguel Freire . . . . .	1
Ángel Casal . . . . .	1
Benito Ferreiro . . . . .	1
Joaquín Bermúdez . . . . .	1
Arturo Gómez . . . . .	1
Francisco Tettamancy . . . . .	4
Nicolás Trabadela . . . . .	1
Suma . . . . .	46'00

## O PROBLEMA DA LINGUA

Si a teoría da irmandade de terra e home é certa, como verdadeiramente o é, o acento, o que chamamos acento das falas, faise unha inevitabile modulación do idioma, e semella o cano de saída do espírito que corre nos verbes como auga que pasa por un tubo de cristal, en cuyas bandas se refrexa o que en redor de él se atopa.

O acento, separándolle a condición de compañía de un idioma, trócase n'un localismo que ten de parecer chocarreiro ós que non esteñan afeitos a él. Esta é a razón do moito desprezo que fan os casteláns do acento galego. Os casteláns viven desabidos de que temos idioma nôso, e coidan, cando oien a nosa *fala castelá*, que o acento nôso é o modo que temos de non sabermos pronunciá-lo castelán. ¿A que se non rín d'un acento eistranxeiro? Perdoánlle a calqueira home non español, os rastros da pronunciación do seu linguaxe, e non pasan pol-as nosas cadencias especiaes, nin pol-as voaes propias do falar nôso. ¿Por qué? Porque saben que o eistranxeiro pronuncia infruenciado pol-o seu idioma de orixe, mentres que coidan que nosoutros, o único que falamos, é un castelán desfeito na nosa rusticidade.

A falla de respecto ven pra nosoutros, da ñoranza dos demais. ¿Ou inferioridade galega, santa e benta, porque é nada da sabidencia da mesma natureza? ¿Qué deciría un castelán si vise que alguén ría de un home

mouro ou amarelo? Chamaríalle ñorante, ¿non si?, porque amostaría que non era sabidore da eistencia das razas, e do feito real de que o verdadeiro sére humano, a intelixencia, non é cousa que mane da côr do pelexo... Si fôra de Galicia se soupera que aquí temos un idioma, o nôso acento nos non tragaría xamás aldraxes; si toda España fose culta, nosoutros resultaríamos ennobrecidos, non obxetivamente porque así xa o estamos, sinon no orde formal dos maldicentes de hoxe, i-ésteis oírannos falar e decirían: os galegos eispresanse co acento que a natureza lles deu, poñéndolles nos labres unha lingua persoalizada como outra calqueira.

Este respecto, que poderíamos chamar primario, compretaríase despóis deica abranquere n'él total-as cousas da nosa vida. Deixaría de sere Galicia o paxe onde se recollen total-as baixeiras. Seríamos un pobo ben definido, pois non teríamol-as nôsas fronteiras malamente dibuxadas co acento que se esvaece nas comarcas lindeiras da nosa rexión, porque, onde comenzara a fala enxebre galega, principiaría a terra nôsa, como empeza Francia onde principia a farsè francés.

\* \* \*

Pobo definido, pobo ergueito; pobo ergueito, forza en acción; forza en acción, respecto à porta.

## — SINXELEZA —

¡Bendito sea Deus, que de meniño  
alma e corazonciño  
me deu, en troque d'o que o mundo estimal:  
mais m'atrai unha frol que un principado,  
soyo o merlo encantado,  
y-a funérea coruxa ponme grima.

Como rapaz discurro, e me non pesa:  
xurara que m'intresa  
máis un verme de luz que un diamante,  
y-abertamente creo, por fertua,  
que pr'abranguer a lua  
nin síquera e preciso ser xigante.

¿Qué son todol-os cetros? ¡Refugállo!  
máis me desluma o orballo,  
que trasforma un toxal en xoyería.  
provista d'atavíos singulares:  
de cofias e collares,  
guarnecidos de rica pedrería.

O qu'eu poseio n'ademite tasa:  
é d'aluguer a casa  
con que m'agasallou miña ventura,  
y-hay pra soltal-a risa si non canto  
xa que no camposanto  
inda teñ'outro feudo: a sepultura,

Tanta grandeza si demanda un trono...  
¡olimpico o abandonol,  
y-ond'os menos me quero pr'aplaudilos,  
para evocar, entr'eles, meigas horas  
en qu'ensartei amoras,  
e, radiante de gozo, fun ós grilos,

A infancia—unha fadiña d'albo porte,—  
fito a fito d'a Morte  
chouta con regocixo, inadvertida,  
e si xa sua meiguice non é o ceyo...  
preto d'ela non creyo,  
que seña un mar de bágoas a vidual

ANTONIO NORIEGA VARELA.

Que esta especie de sorites é cousa baseada en verdade, probao a arela que os caciques de outura teñen en contra do galego. É natural. Agora somos pinas d'unha roda; con fala propia, non teríamos eixes alleos. Agora estamos malfadados por non sabermos pronunciá-mol-a fala dos perfectos; despóis, o nôso acento tería o valore de un casuismo lexítimo, sintomático do dereito a eispoñermos problemas, e de que as nôsas cuestións deixaban de seren intranquilidás de xentes que nin eispresárense saben. Non seríamos entón, unha costa abaixo, sinon unha nobre turma, pr'a que habería que ollar co-a postura de ollos con que se fita ô ceio, e as demandas da nosa economía non serían tratadas co desprezo e a in-diferencia con que un pode oire falar das peticións dos mozos de corda folgantes. Esculcarían os alleos, as causas da morbosidade galega eispresada na emigración espirotoal de homes chamados superiores, que buscan no castelán clima morno pras suas concepcións mentaes; e de cote estaríamos ollados como unha individualidade con dereito a poseer partida de bautismo, e pasaríanos como ô mesmo sére humano, que mentras está no ventre da nai, confúndese xurídicamente con ela, pro d'ela se diferencia obxetivamente en nascendo...

\* \* \*

Nosoutros somos nados; mais esmorecímonos. Hoxe debemos renacer. Nunca mellor empregado o verbe. Debemos e queremos renacer, acusando a nosa persoalidade no nôso idioma. Non tememol-as contras, porque o ideal fainos valentes. Somos galegos, e demostrámolo. Imos pol-o mundo alumando cos nosos corazóns desfeitos en lus, en forza de amaren a Galicia, Somol-a avanzada de unha xeneración conqueridora de dereitos. Os nôsos amores patrios, ô frente de esa xeneración groriosa, son no medio da decadencia ate hoxe vivida na historia de Galicia, como na noite os respradores que esgazan a escuridade a modo de mans milagreiras diante dos automóviles pra abri-lle paso ô movemento, á vida. Quen ve eses respradores sabe que detrás de eles camiña unha máquina forte, froito do adianto... Aísi é o labore dos que defendemol-o idioma galego: raio de lus que nuncia a marcha do engrandecemento dos destinos de Galicia. E querendo como queremos que se fale a nosa língua por todol-os galegos, non cobizamos outra groria que a de que, por propios i-eistranos se olle o paso de Galicia pol-a historia pra deciren: Ahí vai un pobo que progresa. Saudémolo, porque é forte.

A. VALCÁRCEL.

## == ¡MEUS MARELOS! ==

Entramentres paseniño... paseniño...  
 van turrando pol-o carro os bois marelos,  
 o calmoso e cachazudo  
 carreteiro,  
 coa guillada posta ô lombo,  
 vai cantando un ailelelo  
 y-ailelelo da montana, longo e triste  
 com'as notas d'un lamento  
 que perdéndose... perdéndose alá ô lonxe  
 esmorece en vageidades de aloumiños preguiceiros.  
 Renxé o carro coa monótona canturria  
 que abouxante sai dos eixos.  
 pra estenderse rechinando pol-as touzas  
 y-os outeiros,  
 como cántiga algareira de traballo  
 que dá vida ô agro céltico.  
 Vai talmente acugulado. Tanto estrume  
 leva enriba dos chedeiros  
 que lle cobre os estadullos dende abaixo das dentoiras.  
 E por eso  
 turra, turra...  
 van os probes dos marelos,  
 pe ante pe, tan resinados,  
 tan tranquilos, tan homildes, tan zoupeiros,  
 que parecen a pacencia  
 y-asomellan o silencio.  
 Sempre mansos e calados e calmosos,  
 como pais dos asosegos  
 son de cote os pachorrudos pousafoles

que pr'as labras máis se buscan xa de vello,  
 porque diante do arado  
 son sin dúbida os millores axudantes do labrego.  
 Son escravos sometidos sin protesta.  
 Como o chau onde nacerons,  
 non se doen, nin se layan, nin se apuran,  
 porque foron sempre o mesmo.  
 Como as xentes das aldeas d'esta terra,  
 teñen condición de servos.  
 Non se queixan si padecen. Sofren, calan,  
 e inda que se vexan ceibos,  
 ou non queren ou non saben redimirse.  
 Non hai pra eles alegría nin remedio.  
 Coa tristeza por compañía  
 son os probes tan pacíficos... tan quedos...  
 Os seus ollos supricantes, de tranquila mansedume,  
 parpadexan amostrando sempre un deixo  
 de infinitos amargores  
 e de grandes sofrimentos:  
 amargores sin vagullas, sofrimentos sin laídos  
 mal sin termo,  
 que os acora sin delores,  
 pra deixalos aparvados e mansiños e tardeiros...  
 ¡Sabe Dios canto eles choran si é que poden chorar bágoas!...  
 ¡Sabe Dios qué cousas din pr'os seus adentros!...  
 ¡Meus queridos bois da terra!...  
 ¡Meus marelos!...

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

Do libro en preparación ¡Terra a miña!

## DO MEU FEIXE

### Idioma e dialeuto.

**X**A sabedes qu'hai moitas xentes que pensan qu'o noso idioma é un dialeuto. Y-eu estouvos moi d'acordo con Porteiro Garea, quen dice non debemos transixire con isto, inda que non seia mais que por custión de xerarquía.

Ou estou moi trabucado ou penso que dialeuto é aquela língoa derivada d'un idioma mais amprio, acomodándose, por certos xiros e modismos especiaes, ás necesidades d'unha comarca. Dialeuto tamén é a língoa que se difrencia do idioma que lle deu orixe por certas carauterísticas da pronunciaión: por exemplo o andalus respetive ô castelá. Mais o galego non procede do castelá nin téñ isas carauterísticas do dialeuto. Son dialeutos do galego o que se fala n'Ourense y-a língoa do Bierzo, que Carré Aldao chama sub-dialeutos: línguas que veñen do galego e que se difrencian d'il en certos xiros, ou pol-a terminazón das verbas ou pol-a pronunciaión. Coma son dialeutos do galego os que se falan en Negreira e toda a Mahía,

o de Noya y-outros. Y-eisí o pasado perfeuto do verbo *xantare*—*comí*, en castelá—é *xantei* en galego e *xantín* no dialeuto de Negreira.

O galego é, pol-o tanto, un idioma. Non é fillo do castelá e por iso non pode sere dialeuto do idioma irmán. Pensare en qu'o galego é dialeuto é pensare que tamén ó é o basco. Porqu'os homes qu'eisí pensan chamaríanlle dialeuto do castelá ô alemán si mañán houbera un pobo n'España que falara en xermánico.

Y-ó de qu'o galego seia idioma é unha proba latéxante da nosa nazodalidade. O pensare en qu'o noso idioma é dialeuto é poñernos por embaixo de Castela, ademetire nosa escravitude, arrenunciare â eisaltazón da nosa y-alma. Porque a língoa é a y-alma dos pobos e das razas. E si a língoa da nosa raza é de prestado non afrixírense porqu'a nosa y-alma tamén o seia. Cando berremos por ela, o chambón nos pedirá o tanto por cento d'intrés pra recobrala. E pensade qu'inda pagando o intrés nol-a do-

nará murcha y-esnaquizada, un ferrancho vello pra botare n'un montón de mulime.

### Os libros.

Non ollei en ningún libro pra falare d'isto. Os libros teñén tamén *unha rara virtude ortopédica*: a d'entangarañare os espritos que s'atopaban dreitos e rexos. Haivos quen fai de cada libro unha Bibria, credo pra total-as suas ideias. Ademiro ôs homes que fan libros, qu'andan â caza de pedras e moedas, qu'amostran nosa gaita en capiteles e nosa hestória en fustes y-en frisos. Mais nosa y-alma non está nos libros nin debaixo do verde musgo das pedras. Nossos problemas son problemas vitaes, que temos de comprender vivindo e sintindo a forte vountade de vivire. E perciso estudeare co corazón, ellare pr'os libros con amore buscando n'iles ó que nos digan da vida, non dispostos á lles rendire preitesía y-a se entangarañare. Porqu'os que moito lén, chegan á padecere de raquitismo mental e percisan caxatas pr'os pensamentos; com'os nenos que xantan moito, cando de pequenos, chegan a padecere dos osos. Cando os elementos sòn de mais traen co-eles istas doencias.

Mais hai libros e libros. Os libros teñen de sere breviaríos, mais que pra lêre pensando—jauh, Villar Ponte!—pra pensare sintindo. Libros de poetas namorados, cheos de corazón; volvoretñas meigas que voan car'a lus, milagres de carne alcendida en dôr y-en amore. E son poetas non somentes os que fan versos. Porque poesía pode se face-re tamén estudeando Dreitos y-Economía, mais buscando o que n'isas ciencias haxa de vida y-en relación coa vida; x'amargullándose n'as augas limpas e craras, pr'atopare pel-ras e pra espallalas en orballo pra todos.

A ciencia pol-a ciencia é unha brasfemia. A ciencia pr'os homes e pol-os homes é o senso novo que temos que lle dare n'ista

nova xeira. Y-eu sei e sinto que nos libros galegos hai pouco da vida da raza. Ademiro ôs que rifaron por si o nome da Cruña viña de *Clunia* ou de *Coroa*. Pro ademiro mais os esquirtos de Sanz—outo poeta dos números, vidente e guía nas asambreias monfortinas—quen ollou pras bágoas dos labregos, prá miseria do campo, pró eterno aldraxe en que viven morrendo nosos eidos. Y-as bágoas y-a miseria son vida, vida latexante en frígoas abertas, inda que pareza que somentes é vida a cántiga leda que sai dos beizos mozos cando o arado inca o ferro na terra.

XAIME QUINTANILLA.

Ferrol, Mayo 1917.

## LÓSTREGOS

### POR GALICIA E POR NOS

**A**MÉRICA garda pra nos coma ouro en pano, unha tradición do noso pobo, baixa, rastreira, noxenta. Tradición qu'erixiron na sua fantesía tropical—fantesía fogosa e pol-o tal falla de senso—ô tratarê unha dúcia de paisanos nosos e xusgar pol-os feitos d'eles ô pobo galego. Demostrazón d'unha com-preta falla de cultura, non nos ouservados, sinon nos ouservadores.

Enxerguido teñen por aló e xúsgannos a tan baixo prezo, que coidan que na nosa terra os probes viven en covas e os ricos en cortellos. Non poño nin quito. Pasei anos de abondo co-eles, e pódovos decire qu'entre persoas de relativa cultura, xúsgannos d'iste xeito. D'èiquí a admirazón que sinten cando algún d'eles ven â nosa terra. Ademíranse os seus probes espíritos de que nos teñamos tal número de adiantos, e que te-

ñamos vilas poboadas en troques de anacos de terra co-unha tenda de campaña eiquí e outra alí, a xeito de caravanas xitanas.

A fala nosa téñena por ouveo de cans, e ô ouila, s'ntense predispostos â rísa, e non tratan de disimulal-o, non rinse na faciana de quenes o falen. De nos, non lles agrada mais que unha cousa: a música. Ascóitana con ledicia, i enténdena e véna en tod'ô seu espendor, porque a música de calquer terra que seia, amóstrase espída, limpa, sin-ceira, tal coma é, sin que seia mēster o estudial-a nin buscar unha persoa que lla es-priquer. Métese oídos adrento, e vai direita sin intermediario algún a atacar o senso mais sensíbre. Si nos lêran, que non nos lēn; si nos ouiran falar enxebremente, que non nos oien, tamén a nosa língoa crecería ant'êles, e até serían entusiastas admiradores da nosa meiga fala, coma o son outros que chegaron a enxerguernos.

¿Coma han de ouir falal-o galego, si os nosos irmás, inda eiquí, lles da vergoña o falal-o? ¿Coma o han de ouir si nosos irmás ô chegare às terras americás ven que os nosos, que ali viven, nin en púbrico nin privado empregan o galego? ¿Hai unha sociedade galega en tod'América que nas suas xuntas empregue a língoa da sua terra coma o fan os catalás e os vascos? Pois si nos non-a falamos por tel-a por fala cativa e miserabre, ¿qué non pensarán d'ela os alleos?

Por iso, é mēster que xurda fondo, outo, suidoso, o agarimo â patria. E mēster que os nosos irmás de América, volvan pol-a nosa aldraxada persoalidade, e a ergan ante os alleos â outura a que ten dereito. È per-ciso que falen a nosa língoa, non no seo das suas sociedaes, que iso por de contado deb-en faguel-o, senon nas rúas, nos cafés, en cantos lugares púbricos se atopen. Teñen

que faguer ver, teñen fonda obriga de fa-guel-o, que a língoa galega non é ouveo de cans coma os alleos coidan, sinon unha língoa dôce, mimosa e garuleira agariman-do, e forte, baril i ergueita na xenreira.

Si non teñen valor cívico pra faguel-o, ascoiten ôs catalás, ascoiten ôs vascos, a isos bôs fillos que non negan o seu orixe, negando â sua nai. A isos endexamais ben gabados matrotas que acusan a persoalidade nazonal alí onde se atopan, seia a terra que seia.

Non fan, non, coma os nosos, que ô pou-co tempo de atopárense n-América, os finos convírtense en cubanos, mexicanos, arxen-tinos, etc., os afoutos en castelás, e os bestas en malajeños. En todo, menos en galegos.

E iso non ergue a nosa persoalidade nazonal n-isas terras onde tan aldraxada e guindada pol-o chan se atopa; eisi, d'ise xeito, o que se fai é darlle afirmazón â lēn-da noxenta e miserabre que nos pindurano, e afinar mais na concencia dos alleos o desprezo que deben sentire por total-as nos-sas cousas.

N-istes tempos en que benfeitores ventos de redenzón cruzan pol-a nosa terra, che-guen eles ôs nosos irmás d'América, i ergan a bandeira da rívindicazón alí onde fai tanta falla, alí onde pregan ôs galegos cultos qu'o non digan qu'o son, pois ô decil-o, ô confesalo, perden unha enormidade diant'êles.

Lémbrense da matria onde un feixe d'en-xebres loitan sin trégola pol-o rexurdimento da nazón galega con tod'o brillo i espendor de qu'ê merecente, seian dos bôs e xenero-sos que cantou Pondal, e falando galego e pensando en galego ergan aló o bon nome de Galicia ante os alleos, que da persoali-dade, eiquí nos encarregaremos nós.

RICARDO CARBALLAL.

#### CADRO BRANCO

*Dixo Luis Porteiro, no seu elo-cuentísimo discurso do noso mitin en Santiago, que ô obreiro Xosé Pasín—e de xusticia recoller o dito—homé admirabel, de gran talento e de voun-tade de ferro, débelle moito Galicia. Traballa arreo pol-o recurdimento da raza. E un apóstol exemprar. Un mestre no senso da organizaciôn. Gra-cias a él Compostela vaise vendo blo-queiada por sociédas agrarias.*

*Pasín e outros moitos obreiros com-posteláns van espertando na concen-cia das multitudes o sentimento d'un-ha Terra redimida. Van facendo un pobo libre sóbor dos cimentos do en-xebrismo.*

*Hai que imitalos e gabalos.*

#### CADRO MOURO

*Temos de lembrarnos da bárbara traxedia de Nebra.*

*Fai pouco mais de vinte e tantos días levouse ô carce de Santiago ô po-bre vello Roque Maneiro, unha das vítimas d'aquela triste xornada, que inda sangra.*

*Do carce saiu porque faciase per-ciso que os médicos o operasen, pois ensañáraselle a ferida da bala.*

*Agora está posto en cura. Logo, quizais volvan a metelo no carce. Qui-zais sofra proceso.*

*Luis Porteiro defensor das vítimas de Nebra, berra pidindo que total-as concencias honradas esteñan alerta pra peitar pol-a xusticia, evitando a consumaciôn de novos atopellos.*

## PROBLEMAS AGRARIOS

## SINDICACIÓN

MOITAS veces se dixo n'iste boletín, as cinco sestras partes da poboación galega vive n-o campo ou do campo; i eisí é todo o campo galego o mais descuidado, o mais inculto, o mais desorganizado de toda España ¿por qué?

Pirmeiramente porque do xeito que até oxe a maoría dos intelectuales galegos renderon sempre culto d'escravos a Castela, eisí tamén llo renderon con creces ós problemas das cibdades esquencéndose—e o qu' é peor—despreciando os problemas do campo, os problemas agrarios, e isto porque sin dúbida padécese pol-a maoría das xentes unha definitiva trabucación, sóbor de istos problemas; crése que o estudio dos problemas agrarios supón o estudio da vida agrícola, da vida labregá, n'unha palabra, o estudio da terra, da agricultura.

E non é eisí. Unha cousa son os problemas agrarios, outra os problemas agrícolas. O problema agrícola é problema de produción de riqueza, problema técnico, de estudio da terra, das sementes, das colleitas, do laboreo, problemas de peritos, de inxenieros agrónomos, dos labregos. O problema agrario é problema de distribución d'isas riquezas, problema de organización, problema social, grande, nobre, que intresa tanto a cibdá com'ó campo, problema que deben resolver as clas directoras, non os labregos.

Outra das causas da falla de organización agraria en Galicia é o carácter político que sempre se lles deu a istos problemas é a istas organizacións. E isto por duas cousas: porque o campo galego está minado pol-o caciquismo o caciquismo é político; e os labregos ó organizárense por reaición espontánea contra o seu maior enemigo en vez de facer sociedades profesionales fixeron sempre sociedades políticas. Por outra parte todol-os movementos agrarios que se fixeron en Galicia—recente está o caso de Basilio Alvarez—dominounos a monomanía, o vértigo de t'êr repersentantes n-as Cortes; e por iso organizaban ós labregos antes que nada con fins eleitorales; e d'aquela xa caían de cheo n-a política.

Pois b'n; estos problemas, estas organizacións non poden sere políticas. Vosoutros veredes que un labrego pode ser republicano ou xaimista ou conservador, mais sempre terá que sere labrego, sempre terá que labrar os seus eidos, traballar os seus prados, atender ó gando, de cote por derriba de todas as ideias terá sóbor de si o tráxico problema da miseria qu'o asedia, porque

sempre será unha fatal verdade aquilo de que tod'o mundo pode pensar como queira pro poucos, muy poucos poden xantar como desexan. Vosoutros verades como os políticos moitas veces se votaron ó campo é lles prometeron ós labregos moitas cousas, fermosas cousas, e os labregos algunha vez fixéronlles caso, e sempre déronlles os seus votos; mais cando morreulles unha xuvenca, ou perderon as colleitas, ou a brétema levoulles as patacas, ou o mal tempo pudreoulles a herba ou o centeo, ou percisaron cartos, ou víronse en outros moitos apretos verades tamén como nunca ises políticos lles pagaran as reses mortas, sin prestárenlles cartos nin axudárenlles en nada nin insináronlles a resolver tales crisis, e enton o labrego soilo é desamparado sempre tivo que acudir ó cacique, ou hipotecar as terras, ou vender o seu gando; e si o labrego era vello ou muller, moitas veces pagaron tributo á fame e á morte, e si era rapaz, forte, cheo de espranzas, o vérese reducido á impotenza, todo ante unha perspeitiva de días tráxicos ¿cantas veces!—sempre—marchan para terra extraña cheo o seu corpo de d'aceiras, chea a sua y-alma de cegos carraxes para sua terra, que tráxicamente paradóxica, fecunda, grande, rica e inculta, escrava, madrastra pr'os seus fillos.

O problema agrario, problema social, non político, europeamente pranteado, sería altruístamente, un dos fins do xurdimento nazonalista que nos traguemos; as irmandas da fala a il adican con agarimos, estudiosamente as suas arelas y enerxías ¿non é fin grande, non e ideial nobre? D'eiquí a nosa gran virtualidade.

Luis PEÑA NOVO.

## SUSCRICIÓN PR'A NOSA BANDEIRA

	Pesetas
Derradeira suma . . . . .	38'00
Sra. Carmen Díaz-Varela de Banet . . . . .	2
Srta. Carmen Banet Díaz-Varela . . . . .	1
» Pilar Banet Díaz-Varela . . . . .	1
» María Banet Díaz-Varela . . . . .	1
» María Miramontes . . . . .	1
» Xuana Menlle . . . . .	1
» Elvira Menlle . . . . .	1
» Inocencia Santalla . . . . .	0'50
» Xosefa Insua . . . . .	0'50
Por xunto . . . . .	47'00

## Peneirando...

FALANDO das funcións que dou a Compañía da Guerreiro no Ferrol, dixo un xornal d'aquela cibdade:

«La primera (*La Enemiga*) es un drama

francés que aún no se ha estrenado en Madrid y fuerza será esperar el juicio de los críticos consagrados para saber si hay algo artificioso, algo que no sea completamente humano en el desarrollo de la trama; pero lo que sí desde luego se puede asegurar es que las escenas están magistralmente escritas y dan ocasión para el lucimiento de todos actores.»

De maneira que o gacetilleiro ferrolán ten d'agardar o xuício de Madrid, pra sabere si un drama é *artificioso*.

Si todos pensásemos eisí, non teríamos dereito a encabuxarnos porque se nos chamase en senso aldraxante, *galegos*.

Ou *isidros* e ainda mais...

Iso nin os escravos o fan: hipotecare o pensamento ó centralismo,



Fernández Flórez foi ouxeto d'un grande onere do que era merecente: sua fermosa novela *Volvoreta* conquireu o premio que o «Círculo de Bellas Artes», de Madrid, dona todol-os anos á millor obra literaria que se publica.

O trunfo de Flórez, noso querido hirmán, é pois dino de gabanza; y-o é mais ainda si nos fixamos no xurado que ensaminou *Volvoreta*: a Pardo Bázán, Pérez de Ayala e Ortega Gasset.

Nós fixemol-o xuício da novela de Flórez sin conocel-o de Madrid; e o xuício de Madrid axeitouse ó noso.

Se non se axeitara, pior pr'ós madrileños.



O marqués de Figueiroa, mandounos un exemprar do seu derradeiro libro *Del solar galaico*. E mandounolo adicado no noso idioma, dicíndose *afeuto hirmán da Fala*.

E o novo libro do marqués, un libro intresante. N'él, baixo o nome de *Relembrazas e trasacordos*, coleicionou suas millors poesías galegas.

Faremos, con vagar, un xuício da dita obra.



Tamén o notabre poeta Antón Rey Soto, mandounos seu drama *Amor que vence al amor*.

Sintimos que non nos puxera unha adicatoria en galego, en troques das garimosas verbas casteláns con que nos sauda.

Hoxe soyo podemos dicire que *Amor que vence al amor*, ten mais merecimentos pra sere levado á escena pol-a Guerreiro que *O Gran Capitán*, de Marquina.



Os simpáticos dependentes do comercio de Lugo que foron a Santiago o 13 do actual mes c'o ouxeto de dare unha velada no teatro, conqueriron un bóo éisito.

Fixeron unha amena función enxebre. Por elo son merecentes de gabanza. A labor que realizan é patriótica.

Pro ¿porqué isos dependentes tan galegos, non constituyen unha Irmandá da Fala en Lugo? Lugo é a úneca capital de Galicia onde non se sinteu, agás en esceucióis mui contadas, o momento rexionalista. Lugo durme ainda, cando outros moitos pobos despertan.

¿Non hai un fato de rapaces en Lugo dispostos a axudar á redención da patria? ¿Sería cousa ben triste que o non os houbera!

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

PEDIDE SEMPRE

**CHOCOLATES BRANDARIZ**

VENDENSE EN TODOL-OS COMERCIOS.

D' ULTRAMARINOS

**Enrique Brandariz y C.<sup>a</sup>**

Ronda da Coruña, 22. — LUGO

**CONTOS GALLEGOS****ASIEUMEDRE**

Pol-a cativa cantidá de dous reás podedes ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

**LABREGOS:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,  
e Canalejas, 77

**FERROL****H. LA PALOMA**

— DE —

**Ramón Morandeira**

Este espléndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela**

**CIRCO, 16-BAIXO — VIGO**

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

—\*—

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

**A CRUÑA****VIÑOS BRANCOS E TINTOS**

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

«Rioxa Ollauri» especial pra familias.

Botella sin casco: 0'55 ptas.

**Pedidos: W. LOSADA**

**HOTEL CONTINENTAL**

**Os "Previsores do Porvir"**

**SOCIEDÁ MODELO, ESPELLO DE PATRIOTISMO**

*Chegou a 42 millóns de pesetas de aforro en doce anos*

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da rúa Real.


**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuicios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., per Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

Para á Habana, Veracrús, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Que dan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.